

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA XUNTA XERAL DO ILUSTRE COLEXIO OFICIAL DE QUÍMICOS DE GALICIA E DA ASOCIACIÓN DE QUÍMICOS DE GALICIA, CELEBRADA DENDE A SEDE DO COLEXIO O DÍA 24 DE MARZO DE 2023, DANDO COMEZO ÁS 19:00 HORAS, CONFORME AO SEGUINTE

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, do Acta da Xunta Xeral anterior.
2. Informe do Decano-Presidente. Acordo que proceda.
3. Memoria do Año 2022. Acordo que proceda.
4. Balance económico do ano 2022. Acordo que proceda.
5. Situación eventos previstos para o ano 2023. Acordo que proceda.
6. Olimpíadas de Química 2023.
7. Asuntos varios.
8. Rogos e preguntas.

DESENVOLVEMENTO DA REUNIÓN

ASISTENTES:

Laura Gil Rodríguez, Santiago Meizoso Permu, José Ramón Alonso Fernández, María Modino Pérez, Ana María Gayol González, José Manuel Andrade Garda, Carlos Vales Fernández, Francisco Javier Becerra García, Manuel Rodríguez Méndez, José Luis Francisco Fuentes y José Ramón Bahamonde Hernando.

DESCULPA ASISTENCIA:

D. Emilio Osende Bardanca, que delega o seu voto no Decano.

PUNTO 1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ACTA DA XUNTA XERAL ANTERIOR.

Apróbase por unanimidade o Acta da reunión anterior, do 19 de novembro de 2022.

PUNTO 2. INFORME DO DECANO-PRESIDENTE. ACORDO QUE PROCEDA.

O Decano informa das reunións mantidas e das actividades realizadas polo Colexio Oficial de Químicos de Galicia, dende a reunión celebrada pola Xunta Xeral do Colexio Oficial de Químicos de Galicia en Santiago de Compostela o 19 de novembro de 2022 ata a reunión da Xunta Xeral do 24 de marzo de 2023.

16/12/2022 Reunión, por videoconferencia, del Consello Xeral de Colexios Oficiais de Químicos de España



- 20/12/2022 Clausura dos Actos do Centenario dos estudos de química na Facultade de Química da USC.
- 13, 14/01/2023 Reunión do GAQ en Sevilla. Homenaxe a dous presidentes fundadores saientes (de Andalucía e de Aragón). Reunión de planificación das accións futuras do GAQ.
- 20/01/2023 Reunión da Xunta Directiva Conxunta do Colexio e da Asociación de Químicos de Galicia.
- 28/01/2023 Presentación do libro MULLERES NA QUÍMICA na sede do Colexio Oficial de Químicos de Galicia.
- 1,2 y 3/02/2023 Curso de LinkedIn na Facultade de Química de la USC, na Facultade de Química de la U. de Vigo e na Facultade de Ciencias da UDC.
- 07/02/2023 Reunión coa Subdirectora Xeral de Educación da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade da Xunta de Galicia.
- 24/02/2023 Reunión, por videoconferencia, do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Químicos de España. Reunión onde non se aprobou o orzamento para o ano 2023.
- 25/02/2023 Reunión en Oporto cos membros da Sociedade Portuguesa de Química para poñer en marcha o XXVII ENCONTRO LUSO GALEGO DE QUÍMICA. Asistiron, tamén, o Tesoureiro e o Secretario do Colexio.
- 06/03/2023 Reunión, pola tarde, da Xunta Xeral da Comunidade do Área Central Fontiñas.
- 07/03/2023 Reunión coa Directora da Escola Técnica Superior de Enxeñaría da USC. Asistiu á reunión a compañeira Pastora Bello Bugallo. Obxectivo dobre: acercamento do Colexio á Escola para a colexiación dos futuros enxeñeiros e enxeñeiras de Química e, tamén, organización do I Congreso Internacional Química, Seguridade e Medioambiente.
- 08/03/2023 Reunión, por videoconferencia, do GAQ. El tema de la reunión foi a Olimpiada Nacional de Química que se celebrará en Valencia do 21 ao 23 de abril de 2023.
- 09/03/2023 Posta en marcha dos carteis MULLERES NA QUÍMICA na Facultade de Química da Universidade de Vigo.
- 10/03/2023 Realización da Olimpiada Galega de Química. Sedes en Vigo, Santiago de Compostela, A Coruña, Ourense e Lugo.
- 10/03/2023 Reunión, por videoconferencia, do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Químicos de España. Nesta reunión, o Consello acordou non pasar as cotas de febreiro a outubro do ano 2023.

Enviáronse diversos correos electrónicos á Prof. Jennifer Doudna, Premio Nobel de Química, para solicitar a súa participación no XXVIII ENCONTRO GALEGO PORTUGUÉS DE QUÍMICA.

Mantívose conversacións coa Decana da Facultade de Química da Universidade de Vigo xa que nos ofreceu a Facultade para celebrar o XXVIII ENCONTRO GALEGO PORTUGUÉS DE QUÍMICA.



MOVIMIENTO DE COLEGIADOS Y ASOCIADOS

MOVIMIENTO COLEGIADOS								
Año	Mes	Activos	Desempleado	Subtotal	Jubilados	Total	Altas	Bajas
2022	Octubre	355	11	366	158	524	4	1
2022	Noviembre	354	12	366	158	524	0	0
2022	Diciembre	350	12	362	160	522	1	5
2023	Enero	348	12	360	160	520	0	2
2023	Febrero	349	12	361	160	521	1	0

Año	Mes	Baja voluntaria	Jubilación	Falta de pago	Fallecimiento	traslado exp.	Altas		Bajas		
							Activo	Parado	Activo	Parado	jubilados fallecidos
2022	Octubre	1					2	2			1
2022	Noviembre						1	1	1		
2022	Diciembre	3	2				1	1	5	1	
2023	Enero	1				1			2		
2023	Febrero						1				

MOVIMIENTO ASOCIADOS								
Año	Mes	Activos	Desempleado	Subtotal	Jubilados	Total	Altas	Bajas
2022	Octubre	232	5	237	158	395	4	1
2022	Noviembre	231	6	237	158	395	0	0
2022	Diciembre	225	6	231	160	391	1	5
2023	Enero	222	6	228	160	388	0	2
2023	Febrero	223	6	229	160	389	1	0

Año	Mes	Baja voluntaria	Jubilación	Falta de pago	Fallecimiento	traslado exp.	Altas		Bajas		
							Activo	Parado	Activo	Parado	jubilados fallecidos
2022	Octubre	1					2	2			1
2022	Noviembre							1	1	1	
2022	Diciembre	3	2				1	1	5	1	
2023	Enero	1				1			2		
2023	Febrero						1				

Aprobase a xestión por unanimidade.

PUNTO 3. MEMORIA DO ANO 2022. ACORDO QUE PROCEDA

No ANEXO 1 axúntase a Memoria anual do Ano 2022. Apróbase por unanimidade.

PUNTO 4. BALANCE ECONÓMICO DO ANO 2022. ACORDO QUE PROCEDA.

O Tesoureiro presenta o informe económico do ano 2022, cuxo resumo pódese ver na Memoria do Ano 2022, no Anexo 1, e expón as seguintes conclusións:

1. A tesourería do Colexio e da Asociación están sas, con todo, xa non hai moito marxe de redución dos custos.
2. A inflación pon en risco o equilibrio entre ingresos e gastos.



3. Os custos de persoal continuarán crescendo. Unha persoa, a media xornada, nos custa 1.014,90 €/mes, cando dúas persoas custaban 1.397,88 €/mes, a media xornada, en 2017, en Vigo.
4. As actividades organizadas renden beneficio social e visibilidade. En xeral non supoñen custo, senón que xeran beneficio, aínda que a magnitude económica dalgunha supera os ingresos fixos por cotas, o que supón un risco.
5. Os ingresos por cotas deberían de igualar os gastos “fixos de funcionamento”, incluíndo os premios

Apróbase por unanimidade o exercicio económico do ano 2022.

PUNTO 5. SITUACIÓN EVENTOS PREVISTOS PARA O ANO 2023. ACORDO QUE PROCEDA.

O Decano-Presidente presenta os eventos a organizar para o ano 2023. Algún xa se levou a cabo, como é a xornada de LINKEDIN levada a cabo nas tres facultades de Galicia onde se imparte o Grao de Química e a Olimpiada Galega de Química. As actividades que se ten previsto para este ano son:

1. La XL Olimpiada Galega de Química.
2. A realización do IV Congreso Internacional de Didáctica da Química. Que se realizará no mes de maio e será por videoconferencia, aproveitando que temos contratada a plataforma ZOOM.
3. A Xornada sobre Economía Circular.
4. O I Congreso Internacional de Seguridade e Medioambiente de Química.
5. Actividades sobre la profesión química nas facultades onde se imparte o Grao de Química.
6. Organización do San Alberto.

Este ano o ENCONTRO GALEGO PORTUGUÉS DE QUÍMICA será organizado polos nosos colegas da Sociedade Portuguesa de Química.

Apróbase por unanimidade.

PUNTO 6. OLIMPIADAS DE QUÍMICA 2023

Juan Sanmartín Rodríguez Informa sobre a Olimpiada Galega de Química que este ano chegou a súa edición número 40. As probas realizáronse o día 10 de marzo, nas facultades de Química da USC, e de Vigo e na Facultade de Ciencias de Coruña, Lugo e Ourense. Como sempre, nos últimos anos, presentáronse mais de 100 persoas das que as tres primeiras de cada distrito universitario irán á Olimpiada Nacional que se celebrará en Valencia o día 23 de abril.

Dende o GAQ (Grupo Asociaciones de Química) estase tratando de organizar as mini-olimpiadas de química, con alumnado da ESO. Nos intentaremos, este ano, organizar a mini-olimpiada galega de química.



PUNTO 7. ASUNTOS VARIOS.

Comentouse a labor levada a cabo pola administrativa, Fabiola, que está na sede do Colexio e Asociación. Acordouse, debido ao bo resultado económico derivado do Encontro Gallego Portugués de Química realizado en el año 2022, abonarlle, mensualmente, una gratificación polo esforzo que realizou para o bo éxito alcanzado no Congreso. Acordouse abonarlle, repartido nos 9 meses que quedan do ano 2023, o salario percibido no mes de novembro de 2022.

PUNTO 7. ROGOS E PREGUNTAS.


No hai rogos nin preguntas.

No habendo más asuntos que tratar levantase a sesión ás 20:40 horas do día 24 de marzo de 2023, de todo o que dou fe.

vº Bº

José Ramón Bahamonde Hernando
Secretario General

Manuel Rodríguez Méndez
Decano-Presidente



ANEXO 1

COLEXIO OFICIAL DE QUÍMICOS DE GALICIA



M
E
M
O
R
I
A


2022





Contenido

1. INTRODUCCIÓN.....	9
2. SITUACIÓN DO COLEXIO	10
2.1. ÓRGANOS DE GOBERNO DEL COLEXIO	10
2.2. REUNIÓNS	11
2.3 O IMPORTE DAS COTAS DE COLEXIACIÓN	12
3. ACTIVIDADES DO COLEXIO	12
4. INFORME ANUAL DE LA XESTIÓN ECONÓMICA.....	14
5. PROCEDEMENTOS INFORMATIVOS E SANCIONADORES.....	15
6. QUEIXAS E RECLAMACIÓNS.....	15
7. CAMBIOS NO CONTIDO DO CÓDIGO DEONTOLÓXICO DO COLEXIO	15
8. INFORMACIÓN SOBRE INCOMPATIBILIDADES E AS SITUACIÓNS DE CONFLITO DE INTERESES EN QUE SE ENCONTREN OS MEMBROS DA XUNTA DIRECTIVA DO COLEXIO	15





1. INTRODUCCIÓN


O presente documento é a Memoria Anual correspondente ao ano 2.022 que a Xunta Directiva presenta a todas as persoas que formamos parte do Colexio Oficial de Químicos de Galicia, en adiante Colexio. Este ano 2.022 foi o ano da saída da pandemia xerada po la Covid-19 que condicionou todas as actividades en anos anteriores.

Como en anos anteriores, nesta Memoria faise un especial recoñecemento e gratitude a todas as persoas, profesionais da química, que estiveron exercendo a nosa profesión nos hospitais e centros sanitarios colaborando nos seus postos de traballo (analistas, QIR) na loita contra dita pandemia.

Tamén, queremos dar a benvida ás persoas que no ano 2022 incorporáronse ao Colexio Oficial de Químicos de Galicia. A Xunta Directiva traballa para que os sintades orgullosos e orgullosas de formar parte da nosa familia e, seguro, que os que xa levamos moitos anos no Colexios os recibimos co ánimo e o corazón abeto. O noso Obxectivo é que os sintades parte dun colectivo importante para a nosa sociedade, que participedes nas actividades do Colexio, que podamos crecer en número de persoas membros de este colectivo e, tamén, dende o Colexio ofrecervos actividades nas que podades participar. Animámosvos a que aportedes ideas e iniciativa para mellorar a que é o voso Colexio.

Como todos os anos, dende a Xunta Directiva queremos animarvos a participar na vida do Colexio na convicción de que con todos vos faremos un Colexio maior e mellor.

Xunta Directiva do Colexio Oficial de Químicos de Galicia.





2. SITUACIÓN DO COLEXIO

2.1. ÓRGANOS DE GOBERNO DEL COLEXIO

La actual Xunta Directiva está en exercicio dende o inicio do ano 2021, tras ser a única candidatura presentada ás eleccións convocadas a finais do ano 2020. A nova Xunta Directiva está formada polas seguintes persoas:

DECANO:	Manuel Rodríguez Méndez
VICEDECANO NORTE:	Carlos Vales Fernández
VICEDECANO SUR:	Juan José Sanmartín Rodríguez
SECRETARIO XENERAL:	José Ramón Bahamonde Hernando
TESORERO:	José Luis Francisco Fuentes
VOCAIS:	Laura Gil Rodríguez
	Emilio Osende Bardanca
	Javier Becerra García
	José Manuel Andrade Garda
	Ana Gayol González
	María Modino Pérez

Segundo os Estatutos aprobados por Decreto 170/2019, de 5 de decembre, son órganos de dirección e xestión:

XUNTA GENERAL

É o órgano soberano do Colexio, está integrado por todas as persoas colexiadas e, como tal, os seus acordos obrigan a todas as persoas membros do Colexio, incluídos os ausentes na votación, disidentes ou quen se absteñan.

XUNTA DIRECTIVA:

DECANO:	Manuel Rodríguez Méndez
VICEDECANO NORTE:	Carlos Vales Fernández
VICEDECANO SUR:	Juan José Sanmartín Rodríguez
SECRETARIO XENERAL:	José Ramón Bahamonde Hernando
TESORERO:	José Luis Francisco Fuentes
VOCAIS:	Laura Gil Rodríguez
	Emilio Osende Bardanca
	Javier Becerra García
	José Manuel Andrade Garda
	Ana Gayol González
	María Modino Pérez



COMISIÓN PERMANENTE:

DECANO:	Manuel Rodríguez Méndez
VICEDECANO SUR:	Juan José Sanmartín Rodríguez
SECRETARIO XENERAL:	José Ramón Bahamonde Hernando
TESORERO:	José Luis Francisco Fuentes

2.2. REUNIÓN

As reunión estiveron condicionadas pola pandemia xerada pola Covid-19 e pola saída do confinamento. Procurouse que foran por videoconferencia a maioría delas.

XUNTA DIRECTIVA

No ano 2022 celebráronse as reunións da Xunta Directiva nas seguintes datas: 22 de xaneiro, 27 de xuño e 30 de setembro.

XUNTA GENERAL

Celebráronse tres reunións: os días 26 de marzo, o 14 de outubro, semepresenciais, e o 19 de novembro, presencial.

CONSELLO XENERAL DE COLEXIOS OFICIAIS DE QUÍMICOS DE ESPAÑA

Celebráronse cinco reunións os días 4 de marzo (pleno ordinario e outro extraordinario de eleccións para renovar os cargos de Vicedecano 1º e 2º), 20 de maio, 23 de setembro, 7 de outubro (pleno extraordinario) e 16 de decembro, por videoconferencia.

ADMINISTRACIÓN E INSTITUCIÓN

O Decano mantivo unha reunión, o 16/3/2022, co Secretario Xeneral de Educación da Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional para presentar a XXXIX Olimpiada Galega de Química. A esta reunión asistiu, tamén, o Vicedecano Sur.

Varias reunións cos membros da Sociedade Portuguesa de Química, o 2/4/2022 e o 15/10/2022, para a organización do XXVI ENCONTRO GALEGO PORTUGUÉS DE QUÍMICA.

Reunión coa Decana da Facultade de Química da Universidade de Santiago de Compostela e co Presidente da Sociedade Espanola de Química, para organizar, no ano 2022, a XXXV Olimpiada Nacional de Química. Reunión por videoconferencia o día 17/01/2022.

Reunión coa Secretaria Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, o 27/7/2022, para falar da financiación do proxecto MULLERES NA QUÍMICA, do Colexio.

PERSOAS COLEXIADAS

Ano	Mes	Activos	Desempregados/as	Subtotal	Xubilados/as	Total
2021	31/Decembro	344	15	359	160	519
2022	31/Decembro	350	12	362	160	522



ALTAS: 18 Persoas colexiadas.

TOTAL, BAIAS: 15 Persoas colexiadas.

BAIXAS VOLUNTARIAS DE ACTIVOS: 10 Persoas colexiadas.

BAIXAS VOLUNTARIAS DESEMPREGADOS: 9 Persoas colexiadas.

BAIXA POR FALTA DE PAGAMENTO DE COTAS: 0 Persoas colexiadas.

XUBILACIÓN: 5 Persoas colexiadas.

PERSOAS FALECIDAS: 5 Persoas colexiadas.

TRASLADO EXPEDIENTES: 0 Persoas colexiadas.

2.3 O IMPORTE DAS COTAS DE COLEXIACIÓN.

A pesar da situación do Colexio, mantívose a cota de colexiación que xa leva varios anos en vigor, o que supón un esforzo importante par o Colexio xa que limita a organización de actividades. As cotas son:

- Cota de colexiados: 120,00 €/ano. Págase en dous recibos.
- Cota de persoas colexiadas en paro: 60 €/ano.
- Cota de inscrición: 40,0 €.

3. ACTIVIDADES DO COLEXIO

O ano 2022 empezou a realizarse as actividades que tradicionalmente organizaba ou na que estaba presente o Colexio:

- Participación na organización da XXXIX Olimpiada Galega de Química que organiza coa Asociación de Químicos de Galicia.
- Participación no XIII ENCONTRO DE PROFESORES, dentro das actividades levadas a cabo na Olimpiada Nacional de Química que organizou a Real Sociedade Española de Química e que se levou a cabo dentro dos actos de conmemoración dos estudos de química que organizou a Facultade de Química, da Universidade de Santiago de Compostela

VISADOS E CERTIFICADOS

Realizouse un visado de 3 informes e se emitiron 30 certificados oficiais

XXVI ENCONTRO GALEGO PORTUGUÉS DE QUÍMICA

Organización do Congreso Internacional, XXVI ENCONTRO GALEGO PORTUGUÉS DE QUÍMICA, que se celebrou na Facultade de Química da Universidade de Santiago de Compostela, tamén, enmarcado dentro dos eventos de conmemoración do Centenario dos estudos de química en dita Universidade. No Congreso, o Prof. Stanley Whittingham, Premio Nobel de Química, impartiu a ponencia inaugural.



FORMACIÓN

No se chegou a celebrar ningunha outra actividade formativa presencial. Pero rexistráronse cinco alumnos nos cursos da plataforma online, para o curso de Conselleiro de Seguridade de Transportes de Mercadorías Perigosas por Estradas e no curso de Seguridade nos Laboratorios.

XORNADA DE LINKEDIN

Como en outros anos, se levou a cabo, de forma presencial, nas tres facultades galegas onde se imparte o Grao de Química, a formación sobre o uso da plataforma de LINKEDIN para o alumnado do último ano do Grao de Química. O obxectivo desta formación é que dito alumnado poida utilizar adecuadamente dita plataforma como ferramenta para atopar emprego.

REVISTA GALICIA QUÍMICA.

No ano 2022 publicouse dous números da revista GALICIA QUÍMICA, en formato dixital, semestrais, podéndose acceder a o seu contido dende o enlace que temos colocado na nosa páxina web (<https://www.colquiga.org/revista-galicia-quimica>).

MULLERES NA QUÍMICA

Coa autorización de D. Sergio Menargues, da Asociación de Químicos da Comunidade Valenciana, editáronse uns 80 pósters sobre o papel da Muller na Química. Cada un deses pósters está dedicado a unha muller, e nelesponse en valor o importante traballo, que dito grupo de mulleres, aportou ao mundo da química, pero que pola súa condición de ser muller, foron relegadas a un segundo plano ou ao esquecemento. Estes pósters colocáronse na Facultade de Química da Universidade de Santiago de Compostela durante la realización de la XXXV OLIMPIADA NACIONAL DE QUÍMICA. Despois levaranse as outras facultades.

Financiado pola Dirección Xeneral de Igualdade da Xunta de Galicia, en decembro, publicáronse 700 exemplares, en galego, co título MULLERES NA QUÍMICA, e coa autorización de D. Sergio Menargues que elaborou ditos pósters.

FESTIVIDADE DE SAN ALBERTO MAGNO

O 19 de novembro de 2022 celebrouse, de forma presencial, as actividades que outros anos se realizaban para conmemorar ao noso Patrón, San Alberto Magno, en Santiago de Compostela. Realizouse, en primeiro lugar, a Xunta General do Colexio e, posteriormente, na comida levada a cabo no Restaurante a Quinta da Auga, entregáronse o Premio Excelencia Química Empresarial 2022 á empresa PAPELERA BRANDIA S.A., tamén nomeouse Colexiado Distinguido a D. Juan Mogín del Pozo e nomeouse Colexiado de Honra ao Prof. Stanley Whittingham, Premio Nobel de Química.

OLIMPIADA GALEGA DE QUÍMICA E OLIMPIADA NACIONAL DE QUÍMICA

O Colexio colaborou coa Asociación de Químicos de Galicia na organización da XXXIX OLIMPIADA GALEGA DE QUÍMICA e, tamén participou coa Asociación na organización do XIII ENCONTRO DE PROFESORADO DE QUÍMICA que se levou a cabo, dentro da XXXV OLIMPIADA NACIONAL DE QUÍMICA, que se celebrou en Santiago de Compostela os días 7 e 8 de maio.



4. INFORME ANUAL DE LA XESTIÓN ECONÓMICA.

ACTIVOS

DESCRIPCIÓN	EXERCICIO 2022
A) ACTIVO NON CORRENTE	60.826,77
II. Inmobiliado material	60.826,77
21 INMOBILIZACIÓNS MATERIAIS	65.024,35
281 AMORTIZACIÓN ACUMULADA DEL INMOBILIZADO MATERIAL	-4.197,58
B) ACTIVO CORRENTE	93.049,20
I. Existencias	1.795,51
407 ANTICIPOS A PROVEDORES	1.759,51
II. Deudores comerciais e outras contas a cobrar	22.918,36
1. Clientes por ventas e prestacións de servizos	14.248,22
430 CLIENTES	14.248,22
3. Outros debedores	8.670,14
44 ACREDORES VARIOS	8.337,70
473 FACENDA PÚBLICA, ACREDORES POR CONCEPTOS FISCAIS	332,44
IV. Inversións financeiras a curto prazo	42.295,15
540 INVERSIÓNS FINANCEIRAS A CURTO PRAZO EN INSTRUMENTOS DE PATRIMONIO	41.083,43
5525 CONTA CORRENTE CON OUTRAS PARTES VINCULADAS	1.211,72
VI. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	26.067,18
57 TESOUREIRA	26.067,18
TOTAL	153.866,97
RESULTADO DO EXERCICIO	
TOTAL ACTIVO	153.866,97



PATRIMONIO NETO E PASIVO

DESCRIPCIÓN	EXERCICIO 2022
A) PATRIMONIO NETO	126.611,59
A-1) Fondos propios	126.611,59
V. Resultados de ejercicios anteriores	126.611,59
120 REMANENTE	126.611,59
VII. Resultado do exercicio	
C) PASIVO CORRENTE	4.702,71
II. Débedas a curto prazo	1.374,49
1. Débedas con entidades de crédito	1.374,49
520 DÉBEDAS A CURTO PRAZO CON ENTIDADES DE CRÉDITO	1.374,49
IV. Acredores comerciais e outras contas a pagar	3.328,22
2. Outros acredores	3.328,22
41 ACREDITORES VARIOS	2.586,95
475 FACENDA PÚBLICA, ACREDORA POR CONCEPTOS FISCAIS	261,87
476 ORGANISMOS DA SEGURIDADE SOCIAL, ACREDITORES	479,40
TOTAL	131.314,30
RESULTADO EXERCICIO	22.552,67
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO	153.866,97

5. PROCEDEMENTOS INFORMATIVOS E SANCIONADORES

Non hai ningún procedemento de sanción aberto.

6. QUEIXAS E RECLAMACIÓN

Non consta ningunha queixa ou reclamación presentada por consumidores, usuarios ou por as súas organizacións representativas.

Facenda devolveunos o importe abonado, e que nos fora reclamado de mais, pola compra da sede.

7. CAMBIOS NO CONTIDO DO CÓDIGO DEONTOLÓXICO DO COLEXIO

Dona Pastora Bello Bugallo é a Presidenta da Comisión Deontolóxica do Colexio Oficial de Químicos de Galicia.

8. INFORMACIÓN SOBRE INCOMPATIBILIDADES E AS SITUACIÓNS DE CONFLICTO DE INTERESES EN QUE SE ENCONTREN OS MEMBROS DA XUNTA DIRECTIVA DO COLEXIO

Non hai incompatibilidades nin situacións de conflito de intereses nos que se encontren os membros da Xunta Directiva do Colexio.